



*Orde do 20 de agosto de 2009 pola que se convocan bolsas para a adquisición de libros de texto, materiais curriculares e material didáctico e complementario destinadas ao alumnado matriculado en centros sostidos con fondos públicos en 1º, 2º, 5º e 6º de educación primaria e en educación especial no curso escolar 2009/2010.*

A Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación (BOE do 4 de xullo) establece, no seu artigo 1, que todos os españois teñen dereito a unha educación que lles permita o desenvolvemento da súa propia personalidade e a realización dunha actividade útil á sociedade.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (BOE do 4 de xullo) establece no seu artigo 4, que o ensino básico é obrigatorio e gratuíto para todas as persoas. Así mesmo, no seu artigo 83 recolle o establecemento de bolsas e axudas ao estudo para garantir a igualdade no exercicio do dereito á educación.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, dispón que é competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia o regulamento e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades.

Unha vez implantado o programa de gratuidade de libros de texto en todo o ensino obrigatorio, cómpre

revisalo e adaptalo á realidade social actual. Así pois, á vista da conxuntura económica actual, resulta necesario facer unha reforma do vixente sistema de gratuidade, de xeito que se beneficien deste as familias con menos recursos.

Neste sentido, e en consecuencia coa política de austeridade do goberno da Xunta de Galicia, regúlase o programa de axudas para 1º, 2º, 5º e 6º de educación primaria, así como para educación especial. A actuación realízase nestes cursos pois 1º e 2º de educación primaria así como educación especial repóñense na súa totalidade todos os anos, e 5º e 6º de educación primara é necesario repoñelos xa que, de acordo co Real decreto 806/2006, do 30 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da Lei orgánica de educación, no curso escolar 2009/2010 implantaranse, con carácter xeral, as ensinanzas correspondentes ao terceiro ciclo de educación primaria.

En exercicio das competencias atribuídas no Decreto 332/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG do 24 de xuño),

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1º.-*Obxecto da convocatoria e procedemento.*

O obxecto desta orde é convocar bolsas para a adquisición de libros de texto, materiais curriculares e material didáctico e complementario destinadas ao alumnado matriculado, no curso escolar 2009/2010, en 1º, 2º, 5º e 6º de educación primaria e en educación especial en centros sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta convocatoria tramitarase polo procedemento establecido no artigo 19.2º da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que polo obxecto e finalidade da subvención non será necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento.

##### Artigo 2º.-*Destinatarios e requisitos.*

1. Para ser beneficiario desta axuda é preciso cumprir os seguintes requisitos:

a) Estar matriculado en 1º, 2º, 5º ou 6º de educación primaria ou en educación especial nun centro sostido con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, durante o curso escolar 2009/2010.

b) Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

c) Para o alumnado de educación primaria, ter unha renda per cápita familiar igual ou inferior a 9.000 euros. Para a determinación da renda per cápita familiar terase en conta o disposto no artigo 6 desta orde.

2. As axudas serán solicitadas polos representantes legais do alumnado: os pais, as nais ou os titores.

Artigo 3º.-*Lugar e prazo de presentación de solicitudes.*

1. As solicitudes, segundo o anexo I a orde, presentaranse por duplicado, na secretaría dos centros docentes, segundo se indica máis adiante, ou nos lugares e na forma previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE do 27 de novembro).

Se a solicitude fose remitida por correo, será necesaria a súa presentación en sobre aberto para que o funcionario de correos poida facer constar o selo e a data antes de proceder á súa certificación.

Co obxecto de facilitar a presentación de solicitudes, se esta se efectúa nos centros, realizarase do seguinte xeito:

a) Familia que solicita a axuda para un só fillo/a:

-Presentará a solicitude na secretaría do centro no que o/a alumno/a se encontra matriculado.

b) Familia que solicita a axuda para varios fillos:

-Se todos os fillos para os que solicita a axuda se encontran escolarizados no mesmo centro educativo, presentará unha única solicitude na secretaría deste centro.

-Se os fillos para os que solicita a axuda están matriculados en distintos centros educativos, presentará unha solicitude en cada un dos centros, referida aos fillos que se encontran escolarizados en cada centro.

2. A secretaría do centro receptor indicará a data de presentación e selará os dous exemplares, devolvendo un deles ao solicitante.

3. Os centros docentes asesorarán aos interesados para que cubran as solicitudes correctamente en todos os seus puntos e acheguen a documentación exigida por esta orde.

4. Os centros concertados, que actúan como entidades colaboradoras na xestión das axudas, asinando o anexo II quedan suxeitos ao establecido nesta orde.

5. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, desde o 1 ao 30 de setembro de 2009.

##### Artigo 4º.-*Solicitudes e documentación.*

1. As persoas que desexen optar á axuda deberán presentar a solicitude, segundo o anexo I desta orde. As solicitudes poderán obterse nos centros, nos departamentos territoriais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e tamén se poderán descargar do portal educativo no enderezo electrónico <http://www.edu.xunta.es>, punto de gratuidade de libros de texto. A solicitude poderá ser cuberta directamente no citado enderezo e, unha vez cuberta, o interesado poderá imprimila e asinala para poder presentala segundo se indica no artigo 3. A solicitude deberá ser asinada polo pai, a nai ou titor/a do alumnado agás nos supostos de separación

ou divorcio nos que poderá ser asinado unicamente polo proxenitor que teña a custodia do menor. Todo iso sen prexuízo da sinatura por parte do resto de membros da unidade familiar computables que sexan maiores de idade.

2. Xunto coa solicitude, presentarase a seguinte documentación:

a) Alumnado de educación primaria (1º, 2º, 5º e 6º curso).

-Fotocopia do DNI de todos os membros computables da unidade familiar que obteñan ingresos.

-Orixinal ou copia compulsada do certificado de empadramento da unidade familiar.

-Fotocopia do libro de familia no que figuren todos os membros da unidade familiar. No caso de non ter libro de familia, terá que presentarse documento ou documentos que acrediten os membros da unidade familiar.

-No suposto de non convivencia de ambos os proxenitores, deberase acreditar que o solicitante convive cos fillos.

-No caso de discapacidade dalgún dos membros da unidade familiar en primeiro grao, fotocopia compulsada do certificado do grao de minusvalidez cunha porcentaxe igual ou superior ao 33% acreditado polo Equipo de Valoración e Orientación de Minusvalidez (EVO) da Consellería de Traballo e Benestar, ou fotocopia compulsada da resolución do Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) ou de pensionistas de clases pasivas que acredite unha pensión de grande invalidez.

-Orixinal ou copia compulsada de certificación bancaria da conta onde desexe que se lle faga efectivo, de ser o caso, o importe da bolsa. Na conta deberá figurar como titular o pai, a nai, o titor do alumno ou o propio alumno.

b) Alumnado de educación especial:

-Fotocopia do DNI do solicitante.

-Orixinal ou copia compulsada de certificación bancaria da conta onde desexe que se lle faga efectivo, de ser o caso, o importe da bolsa. Na conta deberá figurar como titular o pai, a nai, o titor do alumno ou o propio alumno.

Se o solicitante non optase por entregar a documentación na secretaría do centro correspondente, senón que optase por calquera dos sistemas establecidos no artigo 38.4º de Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, deberá xuntar ademais certificado da dirección do centro na que se faga constar o curso no que o alumno está matriculado para o que se pide a subvención.

En calquera caso, achegarase aquela outra documentación que acredite calquera das circunstancias excepcionais que se queira facer constar, segundo se indica nos artigos 6 e 7.

3. A documentación que se presente terá validez na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

4. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá requirir das persoas solicitantes en calquera momento aclaración da documentación presentada.

Artigo 5º.-*Contía das bolsas.*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria aboará as bolsas para o alumnado solicitante matriculado en 1º, 2º, 5º ou 6º curso de educación primaria que reúna os requisitos previstos nesta orde nos seguintes importes por alumno/a e curso, segundo os ingresos da unidade familiar no ano 2008 dividido polo número de membros:

\*Familias monoparentais:

-Con ingresos ata 6.000 euros: 180 euros.

-Con ingresos entre 6.000,01 ata 9.000 euros: 104 euros.

\*Resto das familias:

-Con ingresos ata 5.400 euros: 180 euros.

-Con ingresos entre 5.400,01 ata 9.000 euros: 104 euros.

No caso de que nunha mesma familia haxa varios alumnos que cumpran as condicións desta orde a solicitude de cada alumno será valorada individualmente, recibindo cada un a contía que lle corresponda segundo o establecido nesta convocatoria.

Todos os alumnos de educación especial que soliciten a bolsa e que cumpran os requisitos desta orde recibirán un importe de 250 €, con independencia da renda per cápita familiar.

Artigo 6º.-*Renda per cápita familiar.*

1. Enténdese por renda per cápita familiar a renda familiar dividida entre o número de membros da unidade familiar computables.

2. Para os efectos do cálculo da renda per cápita, computarán por dous os membros da unidade familiar en primeiro grao do alumno solicitante, incluído o propio alumno e os seus irmáns, cunha discapacidade igual ou superior ao 33%.

3. Nesta convocatoria terase en conta o exercicio fiscal do ano 2008 para os efectos de determinar a renda per cápita familiar dos solicitantes.

4. A renda familiar obterase por agregación das rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas. En ningún caso incluírá os saldos negativos de ganancias e perdas patrimoniais correspondentes a exercicios anteriores ao que se computa.

5. Respecto do solicitante, a presentación da solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para comprobar a través da Axencia Estatal de

Administración Tributaria e da Consellería de Facenda a veracidade dos datos de carácter tributario declarados na solicitude, e para o pagamento da prestación, sendo necesaria tamén a autorización do resto dos membros computables da unidade familiar que obteñan ingresos, que deberán asinar para tal fin o anexo I.

6. No caso das solicitudes de axudas para alumnado de 1º, 2º, 5º e 6º de primaria, coa sinatura da solicitude o solicitante declara baixo xuramento que reúne o requisito de ingresos da unidade familiar que fai constar nesta, e está sometido ao réxime de infraccións e sancións aos que se refire a disposición adicional terceira desta orde.

7. No caso de familias monoparentais en que conviva un só proxenitor ou titor co alumno/a, deberá acreditarse documentalmente esta circunstancia. No caso de divorcio ou separación legal dos pais, non se considerará membro computable aquel que non conviva co alumno/a. Non obstante, se é o caso, terá a consideración de membro computable e sustentador principal o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación, as rendas incluíranse dentro do cómputo da renda familiar.

#### Artigo 7º.-*Determinación da unidade familiar.*

1. Para os efectos previstos nesta orde, considérase que conforman a unidade familiar:

-Os pais non separados legalmente e, se é o caso, o titor ou persoa encargada da garda e protección do menor.

-Os fillos menores de idade, con excepción dos emancipados.

-Os fillos maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

-Os fillos solteiros menores de vinte e cinco anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro do ano inmediato anterior a aquel no que comeza o curso escolar para o que se solicita.

2. Cando non exista vínculo matrimonial a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os fillos dos pais que convivan con eles e que reúnan os requisitos do punto anterior. No caso de que non exista convivencia deberá acreditarse documentalmente mediante o correspondente certificado de empadramento.

3. No caso de falecemento dalgún dos proxenitores do alumno/a que convivisen con el, acreditarase mediante a achega do certificado de defunción.

4. No caso de separación ou divorcio, non se considerará membro computable aquel deles que non conviva co solicitante da bolsa. Non obstante, se é o caso, terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación e as rendas incluíranse dentro do cómputo da renda familiar. A separación ou divorcio acreditarase

mediante sentenza xudicial que o determine ou convenio regulador onde conste a custodia do menor.

5. En casos especiais, nos que a unidade familiar non estea conformada do xeito establecido no punto 1 deste artigo, deberá achegarse certificado de empadramento no que figure o alumno/a polo que se solicita a bolsa e todos os familiares que convivan con el, así como certificado dos servizos sociais do municipio que acredite tal extremo.

6. Nos supostos nos que o solicitante da bolsa ou axuda sexa un menor en situación de acollemento, será de aplicación á familia de acollida o disposto nos parágrafos anteriores.

#### Artigo 8º.-*Tramitación das solicitudes.*

Establécese unha fase de preavaliación de solicitudes segundo o establecido no artigo 21.3º da Lei 9/2007, recibidas as solicitudes, o centro docente no que o alumno/a estea matriculado procederá a introducir os datos destas na aplicación informática que será habilitada no enderezo <http://www.edu.xunta.es>, apartado de gratuidade de libros de texto. Así mesmo, comprobará que se xunta a documentación necesaria e validará na citada aplicación a existencia ou non desta. No caso de que o solicitante cubrira a solicitude a través desta web, o centro docente non terá que introducir os datos e procederá directamente á comprobación da documentación e á validación da solicitude, seguindo as instrucións que para tal fin figurarán na citada web. Para o acceso á citada aplicación o centro contará cun contrasinal e será responsabilidade do director o correcto cumprimento desta.

As solicitudes serán arquivadas nos centros educativos a disposición das comprobacións que poidan realizarse segundo se indica no artigo 14.

Corresponde á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos as funcións de órgano instrutor do procedemento, que realizará as propostas de resolución.

#### Artigo 9º.-*Emenda de solicitudes.*

De acordo co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para aquelas solicitudes que non estean correctamente cubertas ou non acheguen os documentos preceptivos, o órgano instrutor requirirá ao interesado/a para que, nun prazo de dez días, emende as faltas ou remita os documentos preceptivos. De non facelo, considerase que desistiu da súa petición e arquivase o expediente nos termos previstos na citada lei. Segundo o disposto no artigo 59.6º da citada lei, a notificación individualizada substituirase pola publicación no taboleiro de anuncios do centro educativo, nos departamentos territoriais de educación e no portal educativo da consellería no enderezo: <http://www.edu.xunta.es>, apartado de gratuidade de libros de texto. Os días 7, 14, 21 e 28 de setembro e o 5 e 13 de outubro os centros descargarán as listaxes de requirimentos do citado enderezo e publicaranos nos seus taboleiros de anuncios.

#### Artigo 10º.-*Resolución.*

1. Correspóndelle ao titular da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a resolución destas axudas no prazo de seis meses contado desde o día seguinte ao da data en que a solicitude tivese entrada no rexistro correspondente.

2. As resolucións faranse públicas nos taboleiros de anuncios dos centros docentes, nos departamentos territoriais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e no portal educativo no enderezo electrónico: <http://www.edu.xunta.es>, punto de gratuidade de libros de texto.

3. As resolucións poñerán fin á vía administrativa, de conformidade co disposto no artigo 109 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. Vencido o prazo de resolución sen que esta fose ditada expresamente, os interesados poderán entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo, de conformidade co artigo 44.1º da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5. A obtención da axuda falseando as condicións requiridas ou ocultando aquelas que a impedirían, poderá supoñer, en aplicación do artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o reintegro do importe equivalente da axuda e a exixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro.

6. Contra a resolución definitiva de adxudicación, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpor recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

#### Artigo 11º.-*Incorporación de novo alumnado ao longo do curso.*

No caso de alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo, que se matricule nalgún dos cursos obxecto desta convocatoria con posterioridade á finalización do prazo de solicitudes, e ata o 31 de marzo de 2010, o centro tramitará a súa solicitude seguindo o mesmo procedemento establecido para as solicitudes presentadas no período ordinario.

#### Artigo 12º.-*Obrigas dos beneficiarios.*

A concesión da axuda comporta as seguintes obrigas do alumnado:

a) Destinar o importe da bolsa na súa integridade á adquisición de libros e demais materiais curriculares, didáctico e complementario, propios do curso académico para o que se solicitou a axuda.

b) Cooperar coa Administración educativa en cantas actividades de inspección e verificación leve a cabo, para asegurar o destino finalista da axuda.

#### Artigo 13º.-*Compatibilidade das axudas.*

As axudas concedidas en virtude desta orde serán compatibles con calquera outras axudas que puideran percibirse coa mesma finalidade de outras entidades públicas ou privadas, sempre que as axudas concorrentes non superen o custo dos libros e materiais subvencionados. Para estes efectos considerase como materiais curriculares, didácticos e complementarios todo o necesario para realizar as actividades que se desenvolven ou promoven no centro docente.

#### Artigo 14º.-*Control, aplicación e revisión das axudas.*

1. A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos poderá requirir do solicitante cantos documentos e aclaracións considere necesarios para complementar o expediente, e tamén poderá dispor que se leven a cabo as comprobacións oportunas dos datos achegados polos peticionarios.

2. De conformidade co disposto no punto 9 do artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a concesión das bolsas e axudas ao estudo que se conceden con base na concorrencia dunha determinada situación no perceptor non requirirá outra xustificación que a acreditación previa á concesión de que o solicitante reúne os requisitos establecidos nesta orde de convocatoria.

3. Procederá o reintegro, total ou parcial, da axuda percibida, xunto cos xuros de demora, nos casos indicados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e especialmente no caso de que se detectase que o importe recibido non fose empregado na adquisición dos libros de texto e materiais obxecto desta orde.

Para estes efectos, os centros docentes informarán á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos no caso de que detecten que algún alumno obxecto de subvención non dispoña dos libros de texto e materiais obxecto da subvención.

4. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, poderán realizar, mediante os procedementos legais pertinentes, as comprobacións oportunas respecto ao destino e aplicación das subvencións, para o cal tanto os beneficiarios como os centros docentes quedan obrigados a facilitarles canta información lles sexa requirida.

5. Calquera alteración que se produza nos datos contidos na solicitude ou na documentación que a



acompaña será comunicada polo solicitante á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.

6. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

*Artigo 15º.-Pagamento das bolsas.*

Resolta a convocatoria, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria procederá ao pagamento das bolsas, en coordinación coa Consellería de Facenda e a través dos centros docentes aos alumnos que figuren incluídos na relación de admitidos.

Os centros educativos, unha vez que reciban os pagamentos efectuados pola consellería, procederán, no prazo máximo de 10 días hábiles, ao aboamento das bolsas aos beneficiarios. Para estes efectos, os centros privados concertados actúan como entidades colaboradoras da xestión das axudas. Os centros xustificarán os pagamentos ante o órgano xestor do xeito que se determine.

*Artigo 16º.-Financiamento das bolsas.*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria financiará estas bolsas con cargo á aplicación orzamentaria 45.05.423A.480.0, por importe total de 6.776.296 euros para o ano 2009 e na contía de 150.000 euros para o ano 2010. O programa está cofinanciado polo Ministerio de Educación.

No seu caso poderase ampliar os importes antes citados conforme o previsto nos artigos 31.2º b) e 31.4º da Lei 9/2007.

*Artigo 17º.-Recursos contra a convocatoria.*

Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición no prazo de un mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, ante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, segundo o disposto na Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben poderán presentar directamente recurso contencioso administrativo, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación, conforme se establece na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa (BOE do 14 de xullo).

*Artigo 18º.-Colaboración dos centros educativos na difusión e participación nesta convocatoria.*

1. A dirección de cada centro educativo arbitrará as medidas necesarias para que o contido desta orde sexa coñecido por todos os sectores da comunidade educativa e entregaralle unha copia dela ao consello escolar, ao claustro, ás ANPAS e, de ser o caso, ás asociacións de alumnado; así mesmo expoñeranse no

taboleiro de anuncios as listaxes provisórias e as definitivas de admitidos e excluídos.

2. O contido desta orde e a información complementaria exporase no portal educativo da consellería no seguinte enderezo: <http://www.edu.xunta.es>, apartado de gratuidade de libros de texto.

*Disposición adicional*

*Primeira.-Lexislación aplicable.*

Para o non previsto nesta orde haberá que aterse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG do 25 de xuño) e ao Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento desta Lei (DOG do 29 de xaneiro).

*Segunda.-Rexistro e tratamento de datos.*

Para os efectos do disposto na disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, as persoas solicitantes deberán autorizar expresamente á Administración concedente a inclusión e publicidade nos rexistros regulados no citado decreto dos datos básicos relevantes referidos ás axudas recibidas.

A reserva que o petionario poida facer no sentido de non autorizar a obtención de datos ou a publicidade dos datos nos rexistros que, en todo caso, terá que se expresar por escrito, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou, noutro caso, á revogación do acto de outorgamento e, se procede, ao reintegro do importe concedido, segundo dispón a alínea 2 da citada disposición adicional.

De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

*Terceira.-Infraccións e sancións.*

As persoas beneficiarias encóntranse suxeitas ao réxime de infraccións e sancións que en materia de subvencións establece o título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

*Disposicións derradeiras*

Primeira.-Autorízase a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos para adoptar os actos e medidas necesarias para a aplicación e desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de agosto de 2009.

Jesús Vázquez Abad  
Conselleiro de Educación e Ordenación  
Universitaria



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I

Programa cofinanciado por:



PROCEDEMENTO <b>BOLSAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>ED330B</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

**A) DATOS DO CENTRO**

TIPO DE CENTRO (SINALAR CUN X O QUE PROCEDA)	
<input type="checkbox"/> PRIVADO	<input type="checkbox"/> CONCERTADO
DENOMINACIÓN DO CENTRO	
<input type="text"/>	
CONCELLO	CÓDIGO DO CENTRO
<input type="text"/>	<input type="text"/>

**B) Nº DE FILLOS ESCOLARIZADOS NO CENTRO PARA OS QUE SOLICITA A AXUDA  
(só alumnado matriculado en 1º, 2º, 5º e 6º de educación primaria e educación especial)**


<b>1º ALUMNO/A</b>		
PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
ESTUDOS QUE REALIZA NO CURSO 2009/2010 (SINALE CUN X E PARA EDUCACIÓN PRIMARIA INDIQUE O CURSO)	DATA DE NACEMENTO (DÍA/MES/ANO)	MINUSVALIDEZ IGUAL OU SUPERIOR AO 33% (SINALE CUN X E INDIQUE A PORCENTAXE)
Educación primaria <input type="checkbox"/> Curso <input type="checkbox"/> Educación especial <input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	SI <input type="checkbox"/> PORCENTAXE <input type="text"/>
<b>2º ALUMNO/A</b>		
PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
ESTUDOS QUE REALIZA NO CURSO 2009/2010 (SINALE CUN X E PARA EDUCACIÓN PRIMARIA INDIQUE O CURSO)	DATA DE NACEMENTO (DÍA/MES/ANO)	MINUSVALIDEZ IGUAL OU SUPERIOR AO 33% (SINALE CUN X E INDIQUE A PORCENTAXE)
Educación primaria <input type="checkbox"/> Curso <input type="checkbox"/> Educación especial <input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	SI <input type="checkbox"/> PORCENTAXE <input type="text"/>
<b>3º ALUMNO/A</b>		
PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
ESTUDOS QUE REALIZA NO CURSO 2009/2010 (SINALE CUN X E PARA EDUCACIÓN PRIMARIA INDIQUE O CURSO)	DATA DE NACEMENTO (DÍA/MES/ANO)	MINUSVALIDEZ IGUAL OU SUPERIOR AO 33% (SINALE CUN X E INDIQUE A PORCENTAXE)
Educación primaria <input type="checkbox"/> Curso <input type="checkbox"/> Educación especial <input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	SI <input type="checkbox"/> PORCENTAXE <input type="text"/>
<b>4º ALUMNO/A</b>		
PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
ESTUDOS QUE REALIZA NO CURSO 2009/2010 (SINALE CUN X E PARA EDUCACIÓN PRIMARIA INDIQUE O CURSO)	DATA DE NACEMENTO (DÍA/MES/ANO)	MINUSVALIDEZ IGUAL OU SUPERIOR AO 33% (SINALE CUN X E INDIQUE A PORCENTAXE)
Educación primaria <input type="checkbox"/> Curso <input type="checkbox"/> Educación especial <input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	SI <input type="checkbox"/> PORCENTAXE <input type="text"/>
<b>5º ALUMNO/A</b>		
PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
ESTUDOS QUE REALIZA NO CURSO 2009/2010 (SINALE CUN X E PARA EDUCACIÓN PRIMARIA INDIQUE O CURSO)	DATA DE NACEMENTO (DÍA/MES/ANO)	MINUSVALIDEZ IGUAL OU SUPERIOR AO 33% (SINALE CUN X E INDIQUE A PORCENTAXE)
Educación primaria <input type="checkbox"/> Curso <input type="checkbox"/> Educación especial <input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	SI <input type="checkbox"/> PORCENTAXE <input type="text"/>

**Declaración jurada de ingresos**

O solicitante declara baixo xuramento que se atopa incluído na situación de renda per cápita familiar que se indica a continuación. No caso de solicitudes de axuda para alumnos de educación especial, este apartado deixárase en branco.

- Familias monoparentais  con ingresos ata 6.000 €,  con ingresos entre 6.000,01 ata 9.000 €.
- Resto de familias  con ingresos ata 5.400 €,  con ingresos entre 5.400,01 ata 9.000 €.

Nota: se o número de fillos escolarizados no centro é maior de sete, utilice follas adicionais e numéreas neste cadro:

Páxina nº:

**C) DATOS FAMILIARES**

Nº DE MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR DISTINTOS DO ALUMNADO PARA O QUE SOLICITA A BOLSA					
PARENTESCO	DNI OU NIE	APELIDOS	NOME	DATA DE NACEMENTO	MINUSVALIDEZ IGUAL OU SUPERIOR AO 33% PENSIONISTA GRANDE MINUSVALIDEZ (SI/NON)
Solicitante:					
Pai/nai/titor					<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
Cónxuxe/análogo					<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
Fillo/a					<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
Fillo/a					<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
Fillo/a					<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
Fillo/a					<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
Fillo/a					<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
Fillo/a					<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON

Indicaranse os datos:

- Dos fillos menores de idade que non figuren entre o alumnado para o que solicita axuda, con excepción dos emancipados.
- Dos fillos maiores de idade con minusvalidez física, psíquica ou sensorial ou incapacitados xuridicamente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Dos fillos solteiros menores de vinte e cinco anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro do ano inmediato anterior a aquel no que comeza o curso escolar para o que se solicita.

**D) DOMICILIO FAMILIAR E DATOS DE CONTACTO**

TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	ESCALEIRA	ANDAR	LETRA
CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO MÓBIL	OUTRO TELÉFONO DE CONTACTO		
CORREO ELECTRÓNICO					

**Quen abaixo asina DECLARA QUE:**

Presta expresamente o seu consentimento á Consellería para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude, se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

**A asinar por todos os membros computables da familia que obteñan ingresos.**

Os abaixo asinantes declaran baixo a súa responsabilidade que aceptan as bases da convocatoria, que cumpren os requisitos exixidos pola mesma, que se atopan ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, que non teñen ningunha débeda coa comunidade autónoma e que son certos todos os datos que constan nesta solicitude. Autorizan, así mesmo, á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a comprobar, a través da Agencia Estatal de Administración Tributaria e da Consellería de Facenda a veracidade dos datos de carácter tributario declarados na solicitude. Expresan igualmente o seu compromiso de informar á Administración Educativa sobre a concesión de calquera outra axuda pública ou privada para a mesma finalidade.

Lugar e data

, de de 200

SOLICITANTE  
(Pai, nai, titor)

CÓNXUXE

OUTROS FILLOS  
(se é o caso)

OUTROS FILLOS  
(se é o caso)

OUTROS FILLOS  
(se é o caso)

Indicar o número do DNI ou NIE do solicitante:

<p>LEXISLACIÓN APLICABLE</p> <p>- Orde do 20 de agosto de 2009 pola que se convocan bolsas para a adquisición de libros de texto, materias curriculares e material didáctico e complementario destinados ao alumnado matriculado en centros sostidos con fondos públicos en 1º, 2º, 5º e 6º de educación primaria e en educación especial no curso escolar 2009/2010.</p> <p>- Lei 9/200, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG do 25 de xuño).</p> <p>- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento desta Lei (DOG do 29 de xaneiro).</p>
<p>SINATURA DO/A SOLICITANTE</p> <p>Lugar e data</p> <p>, de de 200</p>

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		
REVISADO E CONFORME		DATA DE ENTRADA
		____/____/____
		DATA DE EFECTOS
		____/____/____
		DATA DE SAÍDA
		____/____/____

Director do centro





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

## ANEXO II

Programa cofinanciado por:



PROCEDEMENTO <b>BOLSAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>ED330B</b>	DOCUMENTO <b>ACEPTACIÓN DE PARTICIPACIÓN COMO ENTIDADE COLABORADORA NA XESTIÓN DE AXUDAS</b>
---	---	---

## DATOS DO CENTRO

DON/DONA		DIRECTOR/A DO CENTRO			
<input type="text"/>		<input type="text"/>			
CÓDIGO DO CENTRO	ENDEREZO	PROVINCIA	CONCELLO		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	

## ACEPTACIÓN DA PARTICIPACIÓN COMO ENTIDADE COLABORADORA NA XESTIÓN DAS BOLSAS

Este centro acepta participar como entidade colaboradora da xestión desta convocatoria de axudas e con esta sinatura asume todas as obrigas establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG do 25 de xuño) e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento desta Lei (DOG do 29 de xaneiro), así como as establecidas na propia convocatoria.

Lugar, data, sinatura e selo do centro

, de de

O/A director/a

Asdo.: